



Educación con paciencia

Manuel Dios Diz

Mestre, licenciado en Xeografía e Historia.
Presidente do Seminario Galego de Educación para a Paz
(Fundación Cultura de Paz)

Moito se ten falado nestes últimos tempos de violencia escolar. Os casos de máxima gravidade é verdade que son moi puntuais, pero as consecuencias e circunstancias que os rodean non deixan de nos poñer en alerta a toda a comunidade educativa. Aínda estamos conmocionados pola matanza protagonizada en Finlandia polo mozo de 18 anos, Pekka Auvinen, no instituto de Tuusula, preto de Helsinki. Un desenlace terrible: nove persoas mortas, contando o propio asasino. Ademais de matar a directora, a enfermeira, e seis estudantes do centro, tentou prenderlle lume ao edificio escolar con máis de 500 compañeiros e compañeiras dentro.

Outro aspecto relevante desta traxedia é que o autor anunciou previamente, con frialdade e premeditación, as súas sinistras intencións en YouTube. Como un vingador solitario, cheo de carraxe e xenreira, ameazaba en Internet con eliminar todos os "...incapacitados e vergoñas da raza humana, fracasos da selección natural...".

E aínda para unha maior alarma social, este tráxico suceso cadra coa proliferación de gravacións de móbiles nalgúns centros educativos de Galicia. Imaxes violentas, reais ou de ficción, que logo se difunden entre rapaces e rapazas e, mesmo, se colgan na rede.

Todos estes acontecementos fixeron que corresen regueiros de tinta, con titulares de trazo grosso e aperturas de telexornais nalgúns televisións, reabrindo varios debates, algúns deles repetidamente; tantos, que ás veces resulta imposible abordalos con suficiente calma e rigor. Asemade aparecen estudos e propostas de

expertos que se esquecen ata a seguinte ocasión.

Non faltan tampouco voces que se escandalizan sobre o que está a pasar coa nosa xuventude nos institutos. Dende o descoñecemento da realidade, e baixo a influencia de certos prexuízos morais, téndense a tomar por criminais comportamentos que, con lixeireza, se lle atribúen a toda a xente moza. Sócrates afirmaba xa no seu tempo que "os mozos de hoxe en día son uns tiranos. Contradín os seus pais, devoran a súa comida, fáltalles ao respecto aos seus mestres...".

Escoitamos falar acotío do fracaso da educación e do sistema escolar, para ir contra algunhas leis educativas, ou contra o profesorado. Tamén se buscan as causas destes males na excesiva permisividade, na perda de autoridade. E no medio desta lea, ata se acaba por deslexitimar a materia de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos.

A realidade preséntase complexa, pero contamos con máis recursos e coa mellor xuventude

Tamén hai que mirar cara á comunidade educativa, que por veces, lonxe de unificar criterios e procurar a cooperación entre o profesorado, os pais e nais, e o mesmo alumnado, responsabiliza do que acontece os outros, desoíndo o vello proverbio africano de que "para educar un neno fai falta a tribo enteira". As autoridades, por outra banda, en non poucos casos, calan e agardan que amaine.

Nos últimos anos moito mudaron a escola e a sociedade. Hai catro décadas unicamente uns poucos iam os institutos. A maioría remataba a súa escolaridade na primaria. Hoxe na secundaria están todos sen exclusión, os que queren e os que non queren estudar; os que teñen un ambiente familiar favorable e que os veñen cargados de carencias; os que se desenvolven sen problemas e os que arrastran trastornos de conduta, ou presentan deficiencias de todo tipo. Enfrontámonos a unha nova realidade que deberíamos entender como un desafío, máis que como unha desgraza.

Aínda que a realidade se presenta máis complexa, arestora contamos con mellores recursos e coa mellor xuventude. Ata conseguimos resolver os conflitos nos centros razoablemente ben. Este ano estreamos o Plan integral de mellora da convivencia escolar e o Observatorio Galego da Convivencia Escolar. Agora toca desenvolverlos e aplicarlos, o que nos brinda a posibilidade de intervir preventivamente na mellora do clima escolar e na resolución pacífica dos conflitos. Algunhas entidades e organizacións, como a que teño a honra de presidir, dedicámonos a informar, sensibilizar e formar, a través de experiencias e boas prácticas, que compartimos coa comunidade educativa. Traballamos con ilusión, con entusiasmo, pero sobre todo, con paciencia, moita paciencia...